

ACTA NÚM. 8/2021.

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 20 DE OUTUBRO DE 2021.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 20 de outubro de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:

CARLOS NOYA PEREIRA.
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asisten:

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.
WALDO CARBALLO GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.09.2021.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 03.09.2021 AO 14.10.2021.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.

4º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 24/2021.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 26/2021.

12º) MOCIÓNS.

13º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 08.09.2021.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 7/2021, do 08.09.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes acorda aprobala.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 03.09.2021 AO 14.10.2021.

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

Nº Decreto	Data firma	Asunto
000481/2021	07/09/2021	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO DO PLENO DE 04.08.2021 REFERENTE AO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM.18/2021.
000482/2021	07/09/2021	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA AGOSTO 2021.
000483/2021	07/09/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. AGOSTO 2021.
000484/2021	08/09/2021	AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 04/2021
000485/2021	08/09/2021	BAIXA EXPEDIENTE XANTAR NA CASA Nº 39
000486/2021	09/09/2021	MODIFICACIÓN PRESUPUESTARIA Nº 22/2021: XENERACIÓN DE CRÉDITO SUBVENCIÓN PROGRAMA CULTURA NO CAMIÑO 2021
000487/2021	09/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SETE REPRESENTACIÓNS TEATRAIS.
000488/2021	10/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONCERTO MUSICAL.
000489/2021	10/09/2021	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BÁSICA AGOSTO
000490/2021	10/09/2021	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA AGOSTO
000491/2021	10/09/2021	DECLARACIÓN DE EXCEDENCIA VOLUNTARIA DO PERSOAL MUNICIPAL
000492/2021	13/09/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 14/09/2021, ÁS 14.00 HORAS.
000493/2021	13/09/2021	BAIXA SAF EXPTE. 02/2008-M-D
000494/2021	14/09/2021	APROBACIÓN LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022
000495/2021	14/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE FOGOS ARTIFICIAIS PARA SANTA MINIA 2021.
000496/2021	14/09/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 156

000497/2021	14/09/2021	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL SETEMBRO
000498/2021	14/09/2021	DECRETO DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000499/2021	14/09/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (CLUBE DE BALONCESTO DE BRIÓN).
000500/2021	15/09/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE BONIFICACIÓN POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS (CLUBE DE PATINAXE ARTÍSTICA DE BRIÓN).
000501/2021	15/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/45 CONTRATO
000502/2021	15/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/46
000503/2021	15/09/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/9.21 - SETEMBRO 2021
000504/2021	15/09/2021	DECRETO DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO.
000505/2021	15/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/47 ENERXÍA ELÉCTRICA
000506/2021	15/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/42 (+3.000)
000507/2021	16/09/2021	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MANTENIMENTO E MELLORA DE BEIRARRÚAS NO CONCELLO: LAMIÑO - LIÑARES.
000508/2021	16/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ILUMINACIÓN PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA 2021.
000509/2021	17/09/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2021 DO CLUB PATINAXE DE BRIÓN.
000510/2021	17/09/2021	RECOÑECIMENTO AO PERSOAL MUNICIPAL DO PERMISO DE LACTACIÓN.
000511/2021	20/09/2021	FLEXIBILIDADE HORARIA AUTORIZADA AO PERSOAL MUNICIPAL. HORARIO INVERNO 2021/2022.
000512/2021	20/09/2021	DECRETO DE RECOÑECIMENTO DE TRIENIOS A FAVOR DO PERSOAL MUNICIPAL. SETEMBRO 2021
000513/2021	20/09/2021	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL ADMITIDOS E EXCLUÍDOS PRAZA TÉCNICO ADMÓN LOCAL
000514/2021	20/09/2021	APROBACIÓN LISTA PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DA PRAZA OFICIAL IV-PEÓN
000515/2021	20/09/2021	MC Nº 23/2021: X.C. SUBVENCIÓN PACTO DE ESTADO CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O EXERCICIO 2021
000516/2021	21/09/2021	BAIXA LIXO RECIBO CON NÚMERO FIXO 253000597987
000517/2021	21/09/2021	BAIXA RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000461547
000518/2021	22/09/2021	CORRECCIÓN DE ERROS DECRETO 2021/G003/000536
000519/2021	22/09/2021	DECRETO DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE MULTAS DE TRÁFICO
000520/2021	22/09/2021	RESOLUCIÓN DE INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO.
000521/2021	22/09/2021	ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO.
000522/2021	23/09/2021	DECRETO DE DESIGNACIÓN DE LETRADA E PROCURADORES NO ASUNTO: PO 129 / 2020.
000523/2021	23/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE ACTUACIÓN MUSICAL NAS FESTAS DE SANTA MINIA.
000524/2021	23/09/2021	DECRETO DE PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DO PERSOAL PARA AS BRIGADAS DE OBRAS E VÍAS DE 2021.
000525/2021	23/09/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS DEFINITIVAS
000526/2021	23/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE CAMIÓN ESCENARIO PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA 2021.
000527/2021	24/09/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE CONTROL DE ACCESOS AOS ESPECTÁCULOS PROGRAMADOS PARA AS FESTAS DE SANTA MINIA 2021.
000528/2021	24/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/50

000529/2021	24/09/2021	REINICIO SAF DEPENDENCIA EXPTE. 10/2020-D
000530/2021	24/09/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/49 CONTRATO
000531/2021	24/09/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO NÚMERO 253000776437
000532/2021	28/09/2021	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE VIARIOS EN O CABO E A GRAÑA.
000533/2021	28/09/2021	DECRETO COMERCIALIZACIÓN DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS NA REDE.
000534/2021	29/09/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE NÓMINA. SETEMBRO 2021.
000535/2021	29/09/2021	APROBACIÓN EXPTE CONTRATACIÓN CONCESIÓN DE SERVIZOS DE CAFÉ - BAR NO CENTRO SOCIAL POLIVALENTE.
000536/2021	30/09/2021	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 DA OBRA DO PROXECTO DE CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA E OUTROS.
000537/2021	30/09/2021	DECRETO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE PERSOAL SUBSTITUTO POR EXCEDENCIA VOLUNTARIA. PEÓN GES
000538/2021	30/09/2021	DEVOLUCIÓN AVAIS ANO 2019
000539/2021	30/09/2021	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS NÚM. ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022 E DO CONTROL DE CALIDADE.
000540/2021	30/09/2021	APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN DO PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2021-2022.
000541/2021	01/10/2021	ORDEANDO REMISIÓN EXPTE AO XULGADO P.O. 162/2021.
000542/2021	01/10/2021	PERSONACIÓN NO P.O. 162/2021 E ENCOMENDA DE DEFENSA E REPRESENTACIÓN.
000543/2021	01/10/2021	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2021
000544/2021	01/10/2021	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE SETEMBRO DE 2021
000545/2021	01/10/2021	DECRETO CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA
000546/2021	01/10/2021	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE OBRAS: MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS OMBRE-ARDIÓNS.
000547/2021	01/10/2021	DECRETO CORRECCION ERROS DECRETO Nº 545/2021. CARREIRA PEDESTRE POPULAR DA AMAÍA
000548/2021	04/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2021 DA SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES DE ALTAMIRA.
000549/2021	04/10/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DO 05/10/2021 ÁS 14:00 HORAS
000550/2021	04/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/53
000551/2021	04/10/2021	CORRECCIÓN ERROS DECRETO Nº 528/2021 DE DATA 24/09/2021
000552/2021	05/10/2021	REMISIÓN E EXPEDIENTE E EMPRAZAMENTOS AOS INTERSADOS NO RECURSO P.A 0000170/2021-M PRESENTADO POR INFINITIVUS SL. POR MOR DA DESESTIMACIÓN DUN RECURSO.
000553/2021	05/10/2021	PERSOAMENTO NO P.A. 0000170/2021-M ENCOMENDANDO A DEFENSA AO LETRADO
000554/2021	05/10/2021	ALTA SAF MUNICIPAL EXPTE. 04/2021-M
000555/2021	05/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO.
000556/2021	05/10/2021	DECRETO PADRÓN TAXAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL OUTUBRO
000557/2021	05/10/2021	PRÓRROGA PRAZO DE EXECUCIÓN DO CONTRATO CAMIÑO DE AMAÑECIDA ATA A GRAÑA
000558/2021	06/10/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO LIXO
000559/2021	06/10/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO LIXO
000560/2021	06/10/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO LIXO
000561/2021	06/10/2021	DECRETO LIQUIDACIÓN RECIBO DE LIXO
000562/2021	06/10/2021	DEVOLUCIÓN INGRESO INDEBIDO
000563/2021	07/10/2021	DECRETO DE CONCESIÓN DE ANTICIPO DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á EEI DE SABAXÁNS.

000564/2021	08/10/2021	DECRETO APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANON DA AUGA, CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2021
000565/2021	08/10/2021	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA LB/10.21 - OUTUBRO 2021
000566/2021	08/10/2021	M.C. Nº 25/2021: X.C. SUBVENCIÓN RENTING VEHÍCULO ALTERNATIVO POLICÍA LOCAL FINANCIADO POLO FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL
000567/2021	08/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/54
000568/2021	08/10/2021	ALTA TARXETA DE ESTACIONAMENTO Nº 157
000569/2021	08/10/2021	RELACIÓN DE FACTURAS F/2021/55 (+3.000)
000570/2021	11/10/2021	DECRETO DE RECTIFICACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA SETEMBRO 2021.
000571/2021	13/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS. ANO 2021
000572/2021	13/10/2021	DECRETO DO PADRÓN DE AXUDA NO FOGAR BASICA SETEMBRO
000573/2021	13/10/2021	DECRETO DO PADRÓN DE AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA SETEMBRO
000574/2021	13/10/2021	DECRETO APROBACIÓN DA CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DAS ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS CON MOTIVO DO XACOBEO 21-22: CULTURA NO CAMIÑO
000575/2021	14/10/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE SERVIZOS DO 19 DE OUTUBRO DE 2021, ÁS 13:00 HORAS.
000576/2021	14/10/2021	BAIXA DO RECIBO DO LIXO CON NÚMERO FIXO 253000463320
000577/2021	14/10/2021	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO.
000578/2021	14/10/2021	RESOLUCIÓN SANCIONADORA DE TRÁFICO.
000579/2021	14/10/2021	DECRETO CONCESIÓN DOS PREMIOS DA CARREIRA PEDESTRE
000580/2021	14/10/2021	DECRETO DA CONVOCATORIA DA COMISIÓN INFORMATIVA ESPECIAL DE CONTAS (PERMANENTE DE FACENDA) PARA O VINDEIRO MARTES, DÍA 19 DE OUTUBRO DE 2021, ÁS 13:15 HORAS.
000581/2021	14/10/2021	DECRETO DE APROBACIÓN DA AUTOLIQUIDACIÓN TRIBUTARIA MODELO 111. SETEMBRO 2021.
000582/2021	14/10/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE AVAL
000583/2021	14/10/2021	DECRETO DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA
00584/2021	15/10/2021	DECRETO DE CONVOCATORIA DO PLENO ORDINARIO DO DÍA 20 DE OUTUBRO ÁS 13:00 HORAS.

O Pleno queda enterado.

3º) DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DE APROBACIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2022.

Dada conta do decreto da alcaldía do 14.09.2021, sobre liñas fundamentais do orzamento 2022, que transcrito di:

A Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, establece no seu artigo 15 a obrigación de remitir información sobre as liñas fundamentais dos Orzamentos para o exercicio seguinte, recollidas no artigo 27.2 da Lei Orgánica 2/2012, contendo toda a información necesaria conforme á normativa europea.

A remisión, conforme ao artigo 5 da Orde HAP/2105/2012, debe efectuarse por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) habilite ao efecto.

Por todo o exposto e en uso das competencias establecidas no artigo 21.1s) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora de Bases de Réxime Local **RESOLVO**:

Primeiro: Aprobar as liñas fundamentais do orzamento para 2022 en cumprimento da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira:

INGRESOS	Ano 2021 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación das previsións iniciais)
Ingresos Correntes	6.441.369,74	1,00%	6.505.783,51
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.441.369,74	1,00%	6.505.783,51
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Subidas tributarias, supresión de exencións e bonificacións voluntarias	0,00	0,00%	0,00
Medida 2: Potenciar a inspección tributaria para descubrir feitos imposables non gravados	0,00	0,00%	0,00
Medida 3: Correcta financiación de taxas e prezos públicos	0,00	0,00%	0,00
Medida 4: Outras medidas polo lado dos ingresos	0,00	0,00%	0,00
Ingresos de Capital	279.917,80	2,00%	285.516,16
- Derivados de evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	279.917,80	2,00%	285.516,16
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Ingresos no financeiros	6.721.287,54	1,04%	6.791.299,67
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.721.287,54	1,04%	6.791.299,67
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Ingresos financeiros	24.000,00	0,00%	24.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	0,00%	24.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Ingresos totales	6.745.287,54	1,04%	6.815.299,67
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.745.287,54	1,04%	6.815.299,67
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00

A) DETALLE DOS INGRESOS CORRENTES	Ano 2021 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 1 e 2: Impostos directos e indirectos	2.192.250,85	1,00%	2.214.173,43
Imposto sobre Bens Inmóveis	1.624.606,19	1,00%	1.640.852,25
Imposto sobre Actividades Económicas	65.012,88	1,00%	65.663,01
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	318.450,55	1,00%	321.635,06
Imposto sobre Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana	61.872,81	1,00%	62.491,61
Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras	122.308,42	1,00%	123.531,50
Cesión de impostos do Estado	0,00	0,00%	0,00
Ingresos do capítulo 1 e 2 non incluídos	0,00	0,00%	0,00
Capítulo 3: Taxas, prezos públicos e outros ingresos	1.380.956,19	1,00%	1.394.765,76
Capítulo 4: Transferencias Correntes	2.867.110,69	1,00%	2.895.781,79
Participación nos Tributos do Estado	1.478.249,38	1,00%	1.493.031,87
Resto de Transferencias Correntes (resto Capítulo 4)	1.388.861,31	1,00%	1.402.749,92
Capítulo 5: Ingresos Patrimoniais	1.052,01	1,00%	1.062,53
TOTAL DE INGRESOS CORRENTES	6.441.369,74	1,00%	6.505.783,51

B) DETALLE DE INGRESOS DE CAPITAL	Ano 2021 (Estimación dos dereitos recoñecidos netos)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación das previsións iniciais)
Capítulo 6: Alleamento de investimentos	0,00	0,00%	0,00
Capítulo 7: Transferencias de Capital	279.917,80	2,00%	285.516,16
TOTAL DE INGRESOS DE CAPITAL	279.917,80	2,00%	285.516,16

C) DETALLE DE INGRESOS FINANCIEROS	Ano 2021	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación das previsións iniciais)
------------------------------------	----------	-----------------------------	---

Capítulo 8: Ingresos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00%	24.000,00
Capítulo 9: Ingresos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00%	0,00
TOTAL DE INGRESOS FINANCIEROS	24.000,00	0,00%	24.000,00

GASTOS	Ano 2021 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación dos créditos iniciais)
Gastos Correntes	5.937.580,70	1,00%	5.996.956,51
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	5.937.580,70	1,00%	5.996.956,51
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Medida 1: Redución de costes de persoal	0,00	0,00%	0,00
Medida 2: Regulación do réxime laboral e retributivo [...].	0,00	0,00%	0,00
Medida 3: Limitación de salarios nos contratos mercantiles ou de alta dirección	0,00	0,00%	0,00
Medida 4: Redución do número de Concelleiros da Administración	0,00	0,00%	0,00
Medida 5: Regulación de cláusulas indemnizatorias de acordo a la reforma en proceso	0,00	0,00%	0,00
Medida 6: Redución do número de persoal de confianza	0,00	0,00%	0,00
Medida 7: Contratos externalizados	0,00	0,00%	0,00
Medida 8: Disolución das empresas que presentan pérdidas	0,00	0,00%	0,00
Medida 9: Realizar un estudo de viabilidade e análise de coste/beneficio	0,00	0,00%	0,00
Medida 10: Redución da celebración de contratos menores	0,00	0,00%	0,00
Medida 11: Redución das cargas administrativas para os cidadáns	0,00	0,00%	0,00
Medida 12: Modificación da organización da Corporación Local	0,00	0,00%	0,00
Medida 13: Redución da estrutura organizativa da Entidade Local	0,00	0,00%	0,00
Medida 14: Redución na prestación de servizos de tipo non obrigatorio	0,00	0,00%	0,00
Medida 15: Outras medidas polo lado dos gastos	0,00	0,00%	0,00
Gastos de Capital	783.706,84	1,00%	791.543,91
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	783.706,84	1,00%	791.543,91
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Medida 16: Non execución de inversións previstas inicialmente	0,00	0,00%	0,00
Medida 17: Outras medidas polo lado dos gastos de capital	0,00	0,00%	0,00
Gastos non financeiros	6.721.287,54	1,00%	6.788.500,42
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.721.287,54	1,00%	6.788.500,42
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Gastos financeiros	24.000,00	0,00%	24.000,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	24.000,00	0,00%	24.000,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00
Gastos totais	6.745.287,54	1,00%	6.812.500,42
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	6.745.287,54	1,00%	6.812.500,42
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00	0,00%	0,00

A) DETALLE DOS GASTOS CORRENTES	Ano 2021 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 1: Gastos de Persoal	2.551.409,80	1,00%	2.576.923,90
Capítulo 2: Gastos correntes en bens e servizos	2.766.226,28	1,00%	2.793.888,54
Capítulo 3: Gastos financeiros	7.600,00	1,00%	7.676,00
Capítulo 4: Transferencias Correntes	612.344,62	1,00%	618.468,07
Capítulo 5: Fondo de Continxencia	0,00	0,00%	0,00
TOTAL DE GASTOS CORRENTES	5.937.580,70	1,00%	5.996.956,51

B) DETALLE DE GASTOS DE CAPITAL	Ano 2021 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 6: Inversións Reais	783.706,84	1,00%	791.543,91
Capítulo 7: Transferencias de Capital	0,00	0,00%	0,00

TOTAL DE GASTOS DE CAPITAL	783.706,84	1,00%	791.543,91
C) DETALLE DE GASTOS FINANCIEROS	Ano 2021 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022 (Estimación dos créditos iniciais)
Capítulo 8: Gastos por Activos Financeiros	24.000,00	0,00%	24.000,00
Aportacións patrimoniais	0,00	0,00%	0,00
Outros gastos en activos financeiros	24.000,00	0,00%	24.000,00
Capítulo 9: Gastos por Pasivos Financeiros	0,00	0,00%	0,00
TOTAL DE GASTOS FINANCIEROS	24.000,00	0,00%	24.000,00

SALDOS E OUTRAS MAGNITUDES	Ano 2021	Taxa de variación 2022/2021	Ano 2022
Saldo de Operacións correntes	503.789,04		508.827,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	503.789,04		508.827,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións de capital	-503.789,04		-506.027,75
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	-503.789,04		-506.027,75
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións non financeiras	0,00		2.799,25
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		2.799,25
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo de Operacións financeiras	0,00		0,00
- Derivados da evolución tendencial (non afectados por modificacións políticas)	0,00		0,00
- Derivados de modificacións políticas (*)	0,00		0,00
Saldo operacións non financeiras	0,00		2.799,25
(+/-) Ajustes para o cálculo da capacidade ou necesidade de financiación. SEC-95	1.387.923,05		1.387.923,05
Capacidade ou necesidade de financiación	1.387.923,05		1.390.722,30
Deuda viva a 31/12	638.455,66	0,00	638.455,66
- A curto prazo	0,00	0,00	0,00
- A longo prazo	638.455,66	0,00	638.455,66
Ratio de Deuda viva/ Ingresos Correntes	0,10%	0,00	0,10%

Pasivos contixentes	ANO 2021 (Estimación das obrigas recoñecidas netas)			Taxa de variación 2022/2021	ANO 2022 (Créditos iniciais)		
	Non Incluído no orzamento	Incluído no orzamento	Total		Non Incluído no orzamento	incluído no orzamento	Total
Avales concedidos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Préstamos morosos	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Garantías	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Por sentencias- expropiacións	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Otros	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
TOTAL	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

Préstamos morosos	2021	2022
Saldo vivo (sin deducir deterioros) de los préstamos concedidos pendientes de amortizar (*) a 31/12 por:	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL SALDO VIVO DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS:	0,00	0,00
Desglose del dato anterior (saldo vivo) correspondiente a los importes en situación de mora (*):	0,00	0,00
Administración General de la Corporación Local	0,00	0,00
Organismos Públicos de la Corporación Local, clasificados en	0,00	0,00
Resto de entidades controladas por la Corporación Local, clasificadas en S.1313	0,00	0,00
TOTAL IMPORTES DE PRÉSTAMOS EN SITUACIÓN DE MORA:	0,00	0,00

(*) se refiere a importes de préstamos concedidos a entidades que no consolidan dentro del Sector Administraciones Públicas, definido de acuerdo al SEC.

Segundo: Remitir conforme á Orde HAP/2105/2012, por medios electrónicos e mediante firma electrónica a través do sistema que o Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFAFP) os datos correspondentes de acordo cos formularios establecidos ó efecto.

Terceiro: Dar conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre ó efecto.

O Pleno queda enterado.

4º) RATIFICACIÓN DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A AEAT E A FEMP EN MATERIA DE SUBMINISTRO DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO.

Dada conta da resolución da alcaldía do 15.09.2021, que transcrita di:

Con data 18 de marzo de 2021, a Axencia Estatal de Admón Tributaria e a Federación Española de Municipios e Provincias subscribiron o “Convenio entre a AEAT e a FEMP en materia de subministro de información con carácter tributario”.

Visto que o presente Convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer a cesión de información da Axencia Tributaria ás Entidades Locais que se adhiran ao mesmo no exercicio das funcións atribuídas ás mesmas.

Resultado que resulta necesario adherirse ao referido convenio de colaboración aos efectos de axilizar a tramitación dos expedientes deste concello, e ao abeiro do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa aplicable, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio entre a AEAT e a FEMP en materia de subministro de información con carácter tributario, e aceptar de forma incondicionada a totalidade das súas cláusulas en canto lle sexan de aplicación.

SEGUNDO.- Declarar que a política de seguridade da información do Concello de Brión réxese polo disposto na normativa vixente en materia de administración electrónica.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación da resolución da alcaldía nos seus propios termos.

5º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

Con data 13.01.2021 esta alcaldía asinou coa Fundación Rosalía de Castro un convenio de colaboración, que ten o seguinte contido:

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE BRIÓN E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO.

Padrón a 13 de Xaneiro de 2021

REUNIDOS

Dunha parte,

Don Pablo Lago Sanmartín con DNI 78799089P, alcalde do Concello de Brión, que actúa en nome e representación desta Corporación.

E doutra.

Don Anxo Angueira Viturro DNI 76515135T, que intervén en nome e representación da Fundación Rosalía de Castro, en calidade de presidente da devandita fundación, con domicilio social en Casa Museo Rosalía de Castro, A Matanza, s/n Padrón, 15917 A Coruña e CIF G15040850.

Ambas as dúas partes no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

EXPOÑEN

1. Que o Concello de Brión conta entre as súas funcións a celebración de convenios e concertos con institucións públicas e privadas para levar a cabo as tarefas da súa competencia, incluíndose nelas o apoio e o fomento da cultura.

2. Que a Fundación Rosalía de Castro, unha fundación privada sen ánimo de lucro e de Interese Galego, vén traballando na difusión e enalzamento da cultura galega, participando co devandito concello, entre outros, na organización de eventos diversos.

3. Que a Casa-Museo de Rosalía está sostida pola Fundación Rosalía de Castro, creada en 1947 (daquela co nome de Patronato Rosalía) por persoas comprometidas coa cultura galega que conseguiron abrir as portas da Casa de Rosalía como Casa-Museo en 1972. Máis de 70 anos despois esta institución - que non recibe financiamento público regular que asegure o seu mantemento anual nin o seu futuro- quere reafirmarse na súa independencia económica e cultural e no apoio das xentes e entidades comprometidas co país e coa súa cultura. Por esta razón vén de iniciar un proceso de procura de financiamento de empresas, concellos e particulares de todo o país.

É por iso que se acorda establecer un convenio de colaboración, tendo á Fundación Rosalía de Castro como beneficiaria, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.

A Fundación Rosalía de Castro comprométese a ofrecer visitas guiadas (adaptadas á idade) a calquera entidade educativa do Concello de Brión, ademais de calquera asociación cultural que colabore co consistorio municipal. Sen límite de participantes e previa consulta coa Fundación. Mentres duren as restricións que impiden estas visitas na Casa-Museo por mor da pandemia provocada polo Covid 19, as persoas censadas no Concello de Brión poderán entrar de xeito gratuíto na Casa-Museo.

Segunda.

A Fundación Rosalía de Castro comprométese a reflectir tal colaboración na portada da súa web e na sección Mecenax da propia web cun bñner e unha ligazón á web do Concello de Brión, ademais de nas súas redes sociais. Asemade, queda a acordo de ambas as partes a posibilidade de facer presentacións públicas co obxectivo de publicitar este convenio.

Terceira. Contía da axuda.

O Concello de Brión comprométese a colaborar economicamente coa Fundación Rosalía de Castro de forma anual coa achega de 1.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria

334.489.01 do Concello. Este convenio renovarase de forma automática de xeito anual coa duración de catro anos. Esta achega será compatible con outras posibles colaboracións entre ambas as dúas entidades.

Cuarta. Forma de Pagamento.

O pagamento realizarase mediante transferencia. O Concello de Brión poderá realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento das actividades subvencionadas.

A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando como data límite o 31 de decembro de 2021 unha memoria de actividades realizadas e a xustificación dos termos do acordo.

Quinta. Obrigas da entidade beneficiaria.

De conformidade coas Bases de Execución do orzamento xeral para o ano 2021, son obrigas das entidades beneficiarias as establecidas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e as explicitadas no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e, na Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as establecidas nas bases reguladoras das subvencións aprobadas polo Concello ou, no seu caso, polo disposto para o efecto no convenio e, en todo caso:

- a) Cumprir o obxecto do convenio, realizando as actividades que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Xustificar ante o Concello de Brión o cumprimento dos requisitos e condicións; así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determina a concesión.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación que poida efectuar o Concello de Brión así coma calquera outras de comprobación, achegando canta información lles sexa requirida.
- d) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das facultades de comprobación e control.
- e) A entidade beneficiaria deberá dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio. A tal efecto, a entidade beneficiaria deberá difundir as actividades a través de internet (web e redes sociais), de xeito que poidan ser coñecidas por todas as persoas e entidades potencialmente beneficiarias destas. Para tal efecto na publicidade das actividades farase constar de maneira expresa a colaboración do Concello de Brión.
- f) Producirase a perda do dereito de cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de subvencións, de conformidade co artigo 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

Oitava. Causas de resolución.

Son causas de resolución do presente convenio e procederá, se e o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora percibidos, desde o momento do seu pagamento, as seguintes:

1. Incumprimento de calquera cláusula establecida no presente convenio.
2. Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Novena. Responsabilidade.

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Brión quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Décima. Vixencia do convenio

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, os efectos de dar cumprimento os obxectivos nel establecidos, se entenden producidos desde o 2021 ata o 2024, ambos incluídos.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio por duplicado, no lugar e na data sinalados no encabezamento.

Polo Alcalde do Concello de Brión. Polo Presidente da F. Rosalía de Castro.
 Asdo. Don Pablo Lago Sanmartín. Asdo. Don Anxo Angueira Vitorro.

Resultando que consta no expediente a retención de crédito practicada con cargo ao orzamento de 2021, logo da súa aprobación definitiva, por importe de: 1.000 euros.

Resultando que o convenio implica un gasto plurianual e que polo seu contido é competencia do Pleno, e visto o disposto no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Convalidar o convenio asinado anteriormente referenciado.

2º) Adoptar o compromiso firme de consignar nos orzamentos anuais de 2022, 2023 e 2024, a cantidade de: 1.000 euros/ano, que conleva o convenio asinado.

3º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do correspondente expediente.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que podería ampliarse o obxecto, pola relación estreita que tivo Rosalía con Bastavales.

O Sr. Alcalde sinala que está o técnico en conversas.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

6º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DO FONDO DE ACCIÓN SOCIAL DO CONCELLO.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

Antecedentes:

1. No artigo 44 do convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Brión e no mesmo artigo do acordo regulador das condicións de emprego do persoal funcionario ao servizo do Concello de Brión, publicados ambos documentos no BOP da Coruña núm. 43, do 01.03.2019, se prevé a constitución dun Fondo de Acción Social, sinalándose que a xestión a e asignación individualizada do importe desta partida realizarase de conformidade co

Regulamento de Acción Social que deberá ser aprobado polo Pleno, previa negociación na Mesa Xeral de Negociación do persoal do Concello.

2. Con data 29.09.2021 negociouse o proxecto deste Regulamento na Mesa Xeral de Negociación do persoal do Concello, chegándose a un acordo.

Considerando esta alcaldía necesario regular a forma de xestionar este fondo, que repercutirá sen dúbida nunha mellora das condicións socio laborais do persoal do Concello, e vistos os preceptivos informes de secretaría e de intervención, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente o Regulamento do Fondo de Acción Social do Concello de Brión que se transcribe a continuación:

CAPÍTULO I: NORMAS XERAIS.

Artigo 1. Concepto de Acción Social.

Por acción social enténdese o conxunto de medidas que o Concello disporá para promover e mellorar o nivel de benestar social dos seus empregados.

Con esta finalidade, o Concello dotará anualmente no seu orzamento unha partida ou fondo para o financiamento de gastos de natureza social do seu persoal.

Artigo 2. Obxecto.

O presente regulamento recolle e regula as prestacións de Acción Social a favor do persoal ao servizo do Concello de Brión, así como os procedementos de solicitude, tramitación e concesión das diferentes axudas que no mesmo se recollen.

O texto definitivo deste Regulamento deberá ser aprobado polo Pleno do Concello, previa negociación coa representación dos traballadores.

Artigo 3. Ámbito de aplicación persoal.

Este regulamento será de aplicación a todo o persoal que preste servizos no Concello de Brión en réxime de contratación laboral ou funcionarial.

Artigo 4. Requisitos esixibles aos beneficiarios.

A) Para ter dereito ás prestacións que se estipulan no presente regulamento, deberán concorrer, con carácter xeral os seguintes requisitos:

1. Ser persoal funcionario, ser persoal laboral fixo ou ter unha relación contractual temporal en vigor co concello de Brión cunha antigüidade mínima de un ano (1 ano) ininterrompido. Este requisito deberá cumprirse tanto na data de presentación de solicitudes, como no momento de efectuar o gasto que pretende ser subvencionado.
2. Reunir os requisitos esixidos nas normas específicas aplicables a cada modalidade de axuda.
3. Os sinalados na regulación da lexislación de subvencións na que se establecen as condicións que deben reunir os perceptores de achegas públicas.

B) Tamén poderán optar a estas axudas:

1. Os membros da unidade familiar dos beneficiarios, a non ser que os requisitos esixidos nas normas específicas aplicables a cada modalidade de axuda indiquen outra cousa.

2. O persoal que obtivese a xubilación ou declarado en situación de invalidez absoluta ou gran invalidez, así como os membros da súa unidade familiar, durante o período ao que se extenda a convocatoria do ano no que se produciron tales situacións.

3. Os herdeiros legais do persoal que falecese en servizo activo, durante o período ao que se estenda a convocatoria do ano no que se produciu o pasamento.

C) Aos efectos de percibir estas axudas con cargo ao fondo social do Concello de Brión, entenderase por unidade familiar:

1. A integrada polos cónxuxes, polos membros dunha unión de feito e parellas convivintes, acreditando tal circunstancia, e se os houberse, os fillos que convivan no domicilio familiar, incluídos os fillos por adopción ou acollemento, e sexan menores de idade, ou que tendo a maioría de idade acrediten que non perciben ingresos e que conviven no domicilio familiar, ou padezan algunha minusvalía igual ou superior ao 33%. Así mesmo, tamén terán a consideración de integrantes da unidade familiar os ascendentes, sempre e cando residan no domicilio familiar do beneficiario e acrediten ter ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional e, excepcionalmente, outros familiares que residan no domicilio familiar do beneficiario sempre que acrediten non ter ingresos.

2. Nos casos de nulidade, divorcio ou separación xudicial, será considerada como unidade familiar a formada polo beneficiario e os fillos que estean ao seu cargo, sempre que sexan menores de idade ou non estean emancipados, ou que sendo maiores de idade reúnan os requisitos estipulados no apartado anterior.

3. A constituída polos proxenitores e os fillos que reúnan os requisitos anteriormente aludidos.

D) Para a acreditación da condición de membro da unidade familiar, nos casos reflectidos nos apartados anteriores, deberán seguirse os seguintes criterios:

- As parellas de feito deberán aportar certificación emitida polo Rexistro de parellas de feito de Galicia, Acta Notarial, certificación expedida polo Concello correspondente ou calquera outro documento que amose tal condición e que a Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social considere como válido.

- A convivencia e a dependencia económica aceptárase mediante a presentación do Libro de Familia se os fillos son menores de idade e comúns a ambos membros da familia. En caso de que sexan maiores de idade deberá acreditarse a presunta convivencia e dependencia económica.

- Xustificación da adopción ou acollemento dos fillos, no seu caso.

- Cando nunha unidade familiar os fillos sexan exclusivamente do integrante do matrimonio ou parella de feito que non preste servizos no Concello de Brión, deberase acreditar a convivencia e a dependencia económica dos fillos respecto do empregado público.

- Para a acreditación da dependencia económica dos membros da unidade familiar, maiores de idade, polos que se solicita a axuda, poderanse presentar como xustificante a declaración do IRPF dos membros polos que se solicita a axuda, un certificado do INEM no que conste, en caso de existir, o desemprego do familiar, un certificado de afiliación á Seguridade Social que acredite á dependencia ou calquera outro medio probatorio desta situación.

E) No suposto de que ambos proxenitores sexan empregados do Concello, soamente poderá causar dereito a favor dos seus fillos un deles.-

F) En ningún caso poderán ser beneficiarios destas axudas o persoal que teña subscritos co Concello contratos de servizos, encadrados dentro da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Artigo 5. Convocatoria.

O prazo para presentar as solicitudes de axudas con cargo ao Fondo de acción social, así como a documentación correspondente, será do 1 de xaneiro ao 31 de outubro de cada ano. Neste prazo solicitaranse as axudas correspondentes aos gastos subvencionables efectuados no período comprendido entre o 1 de novembro do ano anterior ao 31 de outubro do ano en curso.

As solicitudes realizaranse no modelo normalizado, a disposición dos interesados no Servizo de Persoal, e poderanse presentar no Rexistro Xeral do Concello de Brión así como nos demais lugares e formas previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se a solicitude non reúne os requisitos sinalados no regulamento, o Servizo de Persoal requirirá ao interesado, na forma establecida na Lei 39/2015, para que nun prazo de dez días emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, coa indicación de que, se así non o fixese, considerárase desistida a súa petición, despois de ditada a resolución para tal efecto.

O Servizo de Persoal deberá informar da documentación que se terá que achegar para cada tipo de solicitude de axuda, de acordo cos criterios establecidos no presente Regulamento.

Todas as solicitudes presentadas fóra de prazo serán desestimadas.

Artigo 6. Tramitación.

As axudas concederanse mediante Resolución de Alcaldía, previa fiscalización pola Intervención Municipal, a proposta da Concellería de Persoal, e previo informe do Servizo de Persoal.

En calquera momento do proceso de tramitación, a Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social, poderá comprobar a veracidade dos datos aportados polos solicitantes, cando estes non teñan sido acreditados debidamente, respectando os preceptos establecidos na lexislación de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 7. Resolución.

A Resolución de Alcaldía deberá ditarse nun prazo máximo de tres meses dende o remate do período de solicitude formalmente establecido.

En caso de detectarse erros na concesión das axudas, sendo por causas non imputables aos beneficiarios, deberán reintegrar as cantidades percibidas indebidamente, sen que proceda tomar medidas sancionadoras na súa contra. A devolución farase nun prazo máximo de quince días, podendo o receptor optar entre dúas posibilidades:

- Reintegro das cantidades percibidas nun único pagamento
- Descontar na nómina mensual unha porcentaxe das súas retribucións, con cargo á devolución da axuda indebidamente percibida, ata liquidar o total da débeda.

Se fosen concedidas axudas indebidamente, como consecuencia dun falseamento de datos ou mala fe por parte do beneficiario, poderanse aplicar as medidas sancionadoras oportunas, á marxe da obrigatoriedade de reintegrar a cantidade percibida nun prazo máximo de 15 días hábiles. Se rematado dito período, non se tivesen reintegrado as contías recibidas, poderase

practicar un desconto na nómina mensual dos beneficiarios, nunha contía non inferior a 30% das retribucións brutas, ata ter saldada a débeda, sen menoscabo dos conceptos e tramos inembargables establecidos na Lei de Axuizamento Civil.

Na concesión destas achegas será de aplicación o réxime de infraccións e sancións regulado na lexislación de subvencións, con independencia de calquera outra medida que se puidese decidir e estivese dentro da normativa aplicable a tales efectos. As medidas sancionadoras aplicables a cada caso se impondrán mediante Resolución de Alcaldía, previa consulta coa Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social.

A denegación das axudas deberá ser motivada

Artigo 8. Interpretación e modificación do Regulamento.

Todas as dificultades e dúbidas que puideran xurdir á hora da aplicación do estipulado neste Regulamento deberán ser resoltas pola Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social. Dita comisión estará integrada de xeito paritario por representantes da Corporación, o presidente do Comité de Empresa e Delegado de persoal funcionario. A presidencia da Comisión recaerá no Alcalde ou na persoa en que delegue, (de acordo coa normativa aplicable), o cal terá voto de calidade en caso de empate.

Cando se pretenda introducir calquera modificación ou cambio no Regulamento, estes deberán ser debidamente supervisados e autorizados pola Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social, sen que isto implique a alteración dos principios básicos sobre os que se basea dito texto. O Regulamento de Acción Social poderá ser revisado anualmente, ben a petición dos representantes da Corporación ou ben a petición do Comité de Empresa ou do Delegado de persoal funcionario.

Artigo 9. Pagamento das axudas.

O pagamento das axudas concedidas deberá realizarse mediante un mandamento de pago por parte do Concello, non debendo transcorrer máis de trinta días dende a data de resolución.

CAPÍTULO II: DISTRIBUCIÓN E CONTIDO XERAL DAS AXUDAS.

Artigo 10. Contía total das axudas sociais.

A) O Concello de Brión dotará anualmente no seu orzamento unha partida ou fondo para o financiamento de gastos de natureza social do seu persoal. A contía exacta desta dotación, que cada ano consolidará como mínimo a dos orzamentos do ano anterior, será a establecida mediante negociación colectiva.

B) A contía total das axudas non poderá ser superior ao importe do crédito establecido. Para determinar o importe a recoñecer por cada unha das axudas, terase en conta o seguinte procedemento:

b.1. Se valorarán tódalas solicitudes presentadas ata obter un “total de gasto”.

b.2. O crédito dispoñible dividirase entre o “total de gasto” obtendo un “Coeficiente” de aplicación.

b.3. Dito “coeficiente” se multiplicará pola contía correspondente para cada axuda solicitada, dando lugar ao importe monetario concedido para cada axuda.

b.4. En todo caso, as axudas non poderán exceder nunca o importe dos gastos imputables aos feitos ou contingencias que dan dereito á percepción das subvencións.

C) Os feitos e continxencias obxecto de axudas sociais, e polo tanto os gastos ocasionados, deberán referirse exclusivamente ao período económico de cobertura de axudas, que será o comprendido entre o 1 de novembro do ano anterior no que se realiza a petición ao 31 de outubro do ano en curso. Se durante o prazo de solicitude non se demandase a prestación correspondente ao período citado anteriormente, perderán o seu dereito a facelo, salvo casos excepcionais debidamente xustificadas.

Artigo 11. Tipos de axudas.

A) As axudas de carácter social do presente Regulamento vincularanse aos seguintes conceptos:

1. Axudas para gastos derivados da condición de discapacidade física, psíquica ou sensorial e persoas en situación de dependencia.
2. Axudas para próteses, órteses e similares.
3. Axudas de estudos para o persoal e os seus familiares.

B) Calquera nova modalidade de axuda que se queira incorporar, deberá ser obxecto de acordo na Comisión de Seguimento e interpretación do fondo de acción social, implicando unha modificación do regulamento, seguindo o procedemento legalmente establecido. Así mesmo, dende a corporación municipal se estudará a posibilidade de contemplar unha bonificación do custe polo uso dos servizos municipais (piscina municipal, escola de música e escola infantil) para o persoal ao seu servizo e os membros da súa unidade familiar, o que se deberá incorporar, en todo caso, nas ordenanzas, regulamentos ou normativa específica de ditos servizos municipais.

C) As axudas sociais destinadas aos conceptos recollidos neste artigo, quedarán sometidas á lexislación fiscal e sobre subvencións vixentes.

CAPÍTULO III. REGULACIÓN ESPECÍFICA DAS DIFERENTES MODALIDADES DE AXUDAS SOCIAIS

SECCIÓN 1ª

AXUDAS PARA GASTOS DERIVADOS DA CONDICIÓ DE DISCAPACIDADE FÍSICA, PSÍQUICA OU SENSORIAL E PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

Artigo 12. Concepto e contido.

1. O Concello dotará unha aplicación orzamentaria con fin de axudar aos empregados cun cónxuxe/parella, fillos ou persoa ao seu cargo que padeza unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, unha situación de dependencia, ou que sofren eles mesmos este mesmo tipo de discapacidade.

2. Con este tipo de axudas subvencionaranse os seguintes conceptos:

a. Axudas para gastos de rehabilitación, estimulación precoz, recuperación funcional (psicomotricidade, logopedia, fisioterapia, etc) e tratamento psicoterapéutico. Neste caso, o potencial beneficiario deberá estar afectado por un grado de minusvalía igual ou superior ó 33%, recoñecido polo órgano competente.

b. Axudas para transporte e gastos de asistencia especializada, destinada a persoas que necesiten asistencia domiciliaria ou en centros especializados.

c. Axudas para facilitar a mobilidade e comunicación, destinada á adquisición e renovación de prótese e demais aparatos ortopédicos, incluídas as sillas de rodas e a adaptación de vehículos.

d. Axudas para a eliminación de barreiras arquitectónicas e adaptación de vivenda, sendo subvencionables soamente os gastos estritamente imprescindibles para tales adaptacións.

Artigo 13. Requisitos que deben cumprir as persoas beneficiarias.

Para poder optar a estas axudas deberán cumprirse os seguintes requisitos;

- A situación de dependencia ou a condición de minusvalía alegada (ben polo propio solicitante, ou ben respecto dunha persoa ao cargo) deberá ser acreditada:

Mediante recoñecemento oficial da discapacidade ou situación de dependencia polo organismo competente no momento da solicitude.

Cun informe médico, debidamente acreditada e formalizado, no cal se especifique a necesidade dun tratamento ou atención especializado permanente e continuado.

- As persoas sobre as que se alegue a necesidade destas axudas, non poderán percibir, en virtude da súa minusvalía, renda ningunha por riba do salario mínimo interprofesional; requisito que será acreditado mediante certificado da Axencia Tributaria.

- En caso de que a solicitude sexa baseada na existencia de persoas con minusvalía ao cargo, estas deberán estar relacionados co peticionario ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, ou mediante outra situación das estipuladas no artigo 4.C.do presente regulamento.

Artigo 14. Contía das axudas.

A contía a percibir por este concepto será do 50% do custo total, co límite de 600 euros por unidade familiar.

SECCIÓN 2ª

AXUDAS PARA PRÓTESES, ÓRTESES E SIMILARES.

Artigo 15. Concepto e Contido.

O Concello poderá conceder axudas sanitarias con cargo aos seguintes conceptos:

Próteses dentais, incluíndose os seguintes conceptos:

- Dentadura completa (substitutiva de dentadura natural).
- Pezas dentarias (Implantes).
- Empastes.
- Endodoncias.
- Tratamentos de ortodoncia.

- Limpeza dental.

Próteses de visión:

- Gafas.

- Substitución de cristais.

- Lentillas.

Gastos sanitarios:

- Outros gastos sanitarios con prescrición médica e non cubertos pola seguridade social.

- Tratamentos ou dietas especiais debido a intolerancias alimentarias, como pode ser a celiaquía.

Outras:

- Próteses auditivas.

- Aparatos de fonación.

- Sillas de rodas ou similares.

- Plantillas ortopédicas.

Artigo 16. Contía das axudas.

* Próteses dentarias: 50% do custo total.

* Próteses de visión: 50% do custo total.

* Gastos sanitarios: 50% do custo total.

* Outras: 100% do custo total.

Establécese un límite anual de 300 € por persoa e de 600 € por unidade familiar para cada un dos conceptos anteriores.

As presentes axudas non serán de aplicación se o empregado municipal xa tivese cubertas, tanto para el como para a súa unidade familiar, con calquera entidade privada ou mutualidade, as continxencias que neste apartado se regulan.

Artigo 17. Criterios de tramitación aplicables a todas as axudas de carácter sanitario.

Para poder recibir estas axudas deberá achegarse, xunto coa solicitude existente no Servizo de Persoal, a seguinte documentación:

- Informe médico que acredite a necesidade do tratamento.

- Factura orixinal que acredite o gasto realizado e que se desexa cubrir coas axudas do Concello.

- En caso de que a solicitude teña como beneficiarios outras persoas da unidade familiar ou dependentes economicamente, serán de aplicación os requisitos especificados no artigo 4.D. do presente Regulamento.

SECCIÓN 3ª

AXUDAS DE ESTUDOS PARA O PERSOAL E OS SEUS FAMILIARES.

Artigo 18. Concepto e contido.

O Concello subvencionará os gastos derivados dos estudos en centros públicos ou concertados ou en caso de non existir oferta educativa, a decisión da Comisión de Seguimento e Interpretación do Regulamento do fondo de Acción Social, en centros privados; que realice o persoal ao seu servizo e os seus cónxuxes/convivintes ou fillos menores de 25 anos que dependan economicamente del, nos niveis de Educación Infantil ou Gardería, Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), Bacharelato, FP Específica de Grao Medio, FP Específica de Grao Superior, Escola Oficial de Idiomas (EOI) ou universidade, así como respecto da formación relativa a actividades artísticas e deportivas.

Esta axuda económica concederáse só sobre un nivel de estudos, carreira ou curso por ano; e no caso de solicitar máis dunha axuda económica, soamente se aboará unha delas, que será a que resulte máis beneficiosa para a persoa interesada.

No suposto de cursar materias soltas, o importe da axuda calcularáse de forma directamente proporcional ao número total de materias ou créditos do curso correspondente. Se fosen materias de distintos cursos calcularáse porcentualmente sobre o total de materias ou créditos de cada un deles, ata o límite da axuda.

Para os efectos do cálculo do importe da axuda por estudos universitarios, non se computarán as materias que se repitan por segunda vez (3º matrícula).

No caso dos proxectos de fin de carreira computarase como gasto realizado o importe da matrícula ou taxa que corresponda, sempre referido a estudos realizados en centros educativos públicos que se atopan no territorio do Estado español.

Artigo 19. Beneficiarios.

Poderán optar a estas axudas as persoas que entren dentro dos criterios establecidos no artigo 4 do presente Regulamento (referido aos requisitos dos beneficiarios da acción social).

Artigo 20. Tramitación.

A. Ás solicitudes xuntarase:

- Certificación expedida polo centro docente que acredite a formalización da matrícula e o curso académico. De ser o caso, presentaranse tamén xustificantes dos gastos realizados por este concepto mediante factura.
- Contía da subvención por estudos á que se opta.

B.- Contía da subvención por estudos.

Para os familiares dos traballadores/as:

- Gardería e Educación Infantil : Ata 60 € por beneficiario/ano.
- Educación Primaria e EOI: Ata 80 € por beneficiario/ano.
- ESO: Ata 100 € por beneficiario/ano.

- FP, actividades artísticas e deportivas, e Bacharelato: Ata 150 € por beneficiario/ano.
- Universidade: Ata 250 € por beneficiario/ano.

Para o persoal municipal:

Subvencionarase ata o importe íntegro da matrícula en calquera dos niveis, ou a contía fixada no baremo para familiares se resulta economicamente máis beneficiosa.

No caso de fillos ou cónxuxes/convivintes dos empregados municipais, as subvencións por estudos terán carácter único referido a cada especialidade, curso escolar ou materia solta, polo que, en caso de repetir curso ou materia ou de cambiar de especialidade, o beneficiario non terá dereito a obter subvención.

Cando se trate de empregados municipais, subvencionarase un máximo de dúas veces por curso escolar, materia ou cambio de especialidade.

CAPÍTULO IV: DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Disposición transitoria única.

Unha vez entre en vigor o presente Regulamento, os traballadores do Concello terán de prazo ata o 30 de decembro do ano 2021 para cursar as solicitudes sobre os gastos realizados entre o 1 de novembro do ano 2020 e o 31 de outubro do ano 2021.

2º) Someter o expediente ao trámite de información pública e audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP da Coruña, para a presentación de reclamacións e suxestións. No caso de que non se presentase dentro do prazo ningunha reclamación nin suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, de conformidade co disposto no art. 49 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, debendo publicarse integramente o seu texto no BOP para a súa entrada en vigor consonte co disposto no art. 70.2. da Lei 7/85, do 2 de abril.

3º) Facultar expresamente á alcaldía para todos os trámites sucesivos e necesarios para a execución e xestión deste acordo e do seu correspondente expediente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

7º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

Visto o expediente tramitado polo Concello para a modificación da ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, motivado pola necesidade de actualizar as tarifas existentes, segundo o contrato asinado con data 10 de abril de 2012, que se actualizarán consonte co disposto no art. 90.3 do RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, polo importe do 85% da variación experimentada polo Índice de Prezos de Consumo elaborado polo Instituto Nacional

de Estatística, de abril de 2020 a abril de 2021, que é do: 2,20 %, polo que a actualización das tarifas será polo: 1,87%.

Visto o expediente tramitado, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal núm. 19 T reguladora da taxa de saneamento e depuración de augas residuais, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos plenarios publicados no BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 12.08.2013, 11.08.2014, 24.09.2015, 03.08.2016, 16.08.2017, 16.08.2018, 22.08.2019, e 11.08.2020, nos seguintes termos:

-. Modifícanse as tarifas 1 a 5 do art. 5: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

TARIFA 1. VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,100303 € / m ³
Servizo de depuración	0,216441 € / m ³

TARIFA 2. FINCAS E LOCAIS NON DEDICADOS EXCLUSIVAMENTE A VIVENDAS

Por cada m ³ facturado en abastecemento	Tarifa
Servizo de saneamento	0,100303 € / m ³
Servizo de depuración	0,216441 € / m ³

TARIFA 3. USUARIOS NON DOTADOS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL

Cota mensual fixa	Tarifa
Saneamento	1,003050 €/abo. Mes
Depuración	2,164426 €/abo. Mes

TARIFA 4. INDUSTRIAS NON DOTADAS CON AUGA DO ABASTECIMENTO MUNICIPAL, OU QUE UTILICEN XUNTO CA AUGA DA REDE OUTRA DE DISTINTA PROCEDENCIA

Instalarán ao seu cargo sistemas de medida do caudal para determinación da cantidade a facturar. No caso de acordo entre o abonado e concesionario poderáselle practicar un aforo que servirá de base para a facturación. As tarifas a aplicar serán as seguintes:

Por cada m ³ medido ou aforado	Tarifa
Servizo de saneamento	0,100303 € / m ³
Servizo de depuración	0,216441 € / m ³

TARIFA 5. ACOMETIDAS.

Prezos para a acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubería de P.V.C., Ø 160 -200 mm./5 atm., incluída excavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo o colector existente con kit especial de estanqueidade, para unha profundidade máxima de 1,50 m., e para unha lonxitude máxima de 5 m.

	Tarifa
Zanxa en terra	369,97 €/ud
Zanxa en asfalto	412,98 €/ud
Zanxa en baldosa-beirarrúa.	463,97 €/ud

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

2º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que

non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

8º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

Co obxecto de proceder á modificación da taxa pola subministración de auga, e tendo en conta que o artigo 16 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais establecen esta posibilidade, tramitouse o expediente para levar a cabo a devandita modificación.

O motivo que xustifica esta proposta é a necesidade de actualizar as tarifas existentes en función do I.P.C., de agosto de 2020 a agosto de 2021, que é do:3,30 %, por ser as datas de referencia da actualización desta taxa, tratando de conseguir o autofinanciamento do servizo.

Visto o informe de secretaría, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Aprobar provisionalmente a modificación da vixente ordenanza fiscal reguladora da taxa pola subministración de auga, publicada no BOP da Coruña núm. 66, do 23.03.2009, modificada por acordos publicados nos BOP do 13.12.2010, 22.12.2011, 10.12.2012, 09.12.2013, 05.12.2014, 14.12.2015, 15.12.2016, 14.12.2017, 12.12.2018, 11.12.2019 e 15.12.2020.

2º) Modificar o texto da ordenanza nos seguintes termos:

-. Se modifican os epígrafes 1 ao 6 do art. 6: Cota Tributaria, que pasan a ter a seguinte redacción:

Epígrafe 1. Aboados da rede municipal xeral

Tarifa	Concepto	Tarifa
1.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,617 €/ m ³
1.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,805 €/ m ³
1.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	1,204 €/ m ³

Epígrafe 2. Aboados da rede de Luaña

Tarifa	Concepto	Tarifa
2.1	Mínimo de 10 m ³ , por abonado e mes	0,453 €/ m ³
2.2	De máis de 10 m ³ e ata 15 m ³ , por abonado e mes	0,498 €/ m ³
2.3	Máis de 15 m ³ por abonado e mes	0,601 €/ m ³

Epígrafe 3. Acometidas

Os prezos varían dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na gabiá:

Prezos para a acometida normal de 1 a 5 m.

Ø Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)
¾"	211,36	272,20	326,04
1"	227,81	287,48	338,28
1 ¼ "-1 ½"	274,05	334,34	385,19
2 "	326,12	385,16	436,62

Prezos para a acometida de máis de 5 m.

	¾"	1"	1 ¼ "-1 ½"	2 "
(A) incremento € por m	9,80	11,49	16,42	27,59
(B) incremento € por m	21,63	23,38	28,23	39,39
(C) incremento € por m	26,05	27,03	32,58	43,69

Epígrafe 4. Contadores

Instalación de contador de 13/15/20 mm. en batería de contadores ou similar

Características	Tarifa
Contador de 13/15 mm. , válvula antirretorno e pezas de conexión	86,61 €/ud.
Contador de 20 mm., válvula antirretorno e pezas de conexión	109,76 €/ud.

Instalación de arqueta no chan

Características	Tarifa
Arqueta de 40 x 40, contador de 13/15 mm. ,válvula antirretorno e pezas de conexión.	192,94 €/ud.

Contador de diámetro superior a 20 mm.

Características
Según orzamento para cada caso

Contadores (sen colocación)

Ø	Tarifa
Ø 13 mm	59,44 € /ud.
Ø 15 mm	59,44 € /ud.
Ø 20 mm	82,57 € /ud.
Ø 25 mm	134,53 € /ud.
Ø 30 mm	188,05 € /ud.
Ø 40 mm	291,54 € /ud.
Ø 50 mm	636,97 € /ud.
Ø 65 mm	789,64 € /ud.

Epígrafe 5. Xestión de cobro a impagados

Cobro aos abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación dos recibos pendentes de pago

	Tarifa
Cota	4,47 € / ud.

Epígrafe 6. Desprecintado do contador/Comprobación e precintado de contador no instalado polo servizo/Comprobación de contador de abonado con contador patrón.

Esta cota é a que se refire ao reestablecemento do subministro

	Tarifa
Cota	30,14 € / ud.

Todos os prezos anteriores veranse gravados co IVE correspondente.

A presente modificación entrará en vigor unha vez publicada definitivamente no Boletín Oficial da Provincia e de conformidade co artigo 107 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro de 2022, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

3º) Que se expoña ao público o expediente polo prazo de trinta días hábiles mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no BOP, prazo que comezará a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. No caso de que non se presenten reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario, debendo facerse publicación íntegra do texto da modificación aprobada no BOP para a súa entrada en vigor, consonte co disposto no art. 17 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

9º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 24/2021.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 24/2021. SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/2021 FINANCIADO CON CARGO AO REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA PARA A EXECUCIÓN DA SENTENZA Nº 80/2018 RECAÍDA NO P.O. 0000244/2017 DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 3 DE A CORUÑA.

Aprobada a liquidación do exercicio 2020 cun remanente líquido de tesourería para gastos xerais axustado que ascendeu a 5.904.333,30 €, dos que se ten disposto polo Concello a cantidade de 1.056.430,05 €, a través dos expedientes de modificación de créditos nº 9/2021, nº 10/2021 e nº 18/2021.

O artigo 177 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL), así como os artigos 35 e 36 do RD 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do Título sexto da Lei 39/1988, de 28

de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, permiten a incoación dun expediente de concesión de suplemento de crédito para a realización dun gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e para o que o crédito consignado no Orzamento é insuficiente e non ampliable, podéndose financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería.

Dado que se considera necesario proceder á execución da sentenza nº 80/2018 ditada en data 07.09.2018 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de A Coruña no procedemento ordinario 0000244/2017, que ten o carácter de firme.

Visto o expediente tramitado, e previo informe da Intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Especial de Contas (a cal actúa como permanente de Facenda), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a modificación de crédito número 24/2021 do Orzamento Municipal para o exercicio 2021 na modalidade de suplemento de crédito, de acordo co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

APLICACIÓN	ECONÓMICA	DENOMINACION PROXECTO	IMPORTE
920	226.99	Administración Xeral. Outros gastos diversos	178.000,00 €
931	352.00	Política económica e fiscal. Xuros de demora	116.995,38 €
		Total	294.995,38 €

Altas en aplicacións de ingresos

Económica	Denominación	IMPORTE
870.00	Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	294.995,38 €
	Total	294.995,38 €

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que nós ímonos abster, porque non entendemos como se tramitou este tema desde o primeiro momento, e non entendemos a xestión que se fixo para o pago dos xuros.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7) e PP (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 2, pertencentes ao grupo municipal do BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

10º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

ASUNTO: Recoñecemento extraxudicial de créditos 04/2021

Vista a existencia de recibos emitidos pola Comunidade de Propietarios da Urbanización Agro Novo de anos anteriores ao 2021, e facturas correspondentes a subministros, e servizos prestados que non puideron ser aplicados ao exercicio orzamentario que correspondían, porque foron presentadas no Rexistro Municipal de Entrada nos meses de abril e xullo de 2021.

Considerando a efectiva realización do servizo por parte do terceiro acredor, constando factura acreditativa de cada un dos gastos.

Esta Alcaldía, tramitou o correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos para aprobar as facturas (relacionadas no Anexo adxunto a este expediente), emitíndose o informe de Intervención con data 13 de outubro de 2021, onde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquera causa, non se recoñeceron naquel exercicio ao que correspondían, é competencia do Pleno da Corporación.

Por tanto, en aplicación do devandito do artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, e previo informe da Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda), propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e o recoñecemento das obrigas correspondentes a exercicios anteriores e derivadas das facturas e liquidacións que se relacionan a continuación, por un importe total de DOUS MIL CATROCENTOS CORENTA E UN EUROS CON CINCO CÉNTIMOS (2.441,05 euros) con cargo ás aplicacións orzamentarias indicadas do orzamento vixente:

RELACIÓN F/2021/43

Nº de entrada	Data	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Aplic.
F/2021/1084	13/04/2021	929,26	B29778651	BROCOLI, S.L.	FRA Nº 01 FV-BRO21/02787; SUPERVISIÓN ACTIVIDADES CAMPO FÚTBOL MUNICIPAL – PERÍODO 01.04.2020 A 09.04.2020	2021 342 22715
F/2021/2299	29/07/2021	130,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO Nº EXERCICIOS ANTERIORES; COMUNIDADE VIVENDA B2P20J - ABRIL A XUÑO.-2018 - 21/07/20 - 11-08-20	2021 920 21200
F/2021/2300	29/07/2021	130,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO Nº EXERCICIOS ANTERIORES; COMUNIDADE VIVENDA B2P20I - ABRIL A XUÑO.-2018 - 21/07/20 - 11-08-20	2021 920 21200
F/2021/2301	29/07/2021	130,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO Nº EXERCICIOS ANTERIORES; COMUNIDADE VIVENDA B2P20H - ABRIL A XUÑO.-2018 - 21/07/20 - 11-08-20	2021 920 21200
F/2021/2302	29/07/2021	130,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO Nº EXERCICIOS ANTERIORES; COMUNIDADE VIVENDA B2P20G - ABRIL A XUÑO.-2018 - 21/07/20 - 11-08-20	2021 920 21200
F/2021/2303	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20J - AGOSTO 2020	2021 920 21200
F/2021/2304	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20J - SETEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2305	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE	RECIBO COMUNIDADE LOCAL	2021

				PROPIETARIOS AGRO NOVO	B2P20J - OUTUBRO 2020	920 21200
F/2021/2306	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20J - NOVEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2307	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20J - DECEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2315	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20H - AGOSTO 2020	2021 920 21200
F/2021/2316	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20H - SETEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2317	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20H - OUTUBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2318	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20H - NOVEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2319	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20H - DECEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2327	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20I - AGOSTO 2020	2021 920 21200
F/2021/2328	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20I - SETEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2329	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20I - OUTUBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2330	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20I - NOVEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2331	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20I - DECEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2339	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20G - AGOSTO 2020	2021 920 21200
F/2021/2340	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20G - SETEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2341	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20G - OUTUBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2342	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20G - NOVEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2343	29/07/2021	26,00	H15840945	COMUNIDADE DE PROPIETARIOS AGRO NOVO	RECIBO COMUNIDADE LOCAL B2P20G - DECEMBRO 2020	2021 920 21200
F/2021/2079	30/07/2021	425,00	B85635910	EDICIONES EL PAÍS, S.L.	FRA Nº PAB4/000084011; RENOVACIÓN SUBSCRICIÓN BIBLIOTECA MUNICIPAL – PERÍODO 09.07.2020 A 08.07.2021	2021 3321 22001
TOTAL		2.394,26				

- Liquidación de gastos de locomoción e manutención por asistencia a cursos de formación de empregados municipais, que tiveron lugar con anterioridade ao ano 2021 (aplicacións orzamentarias 2021 132.23020 e 132.23120):

1. Alejandro Trasbach Somoza, por asistencia ao curso “Rescate policial no medio acuático” na AGASP, o día 21/12/2020.

KM	IMPORTE	TOTAL
43*2	0,19	16,34
OUTROS		
Recibos gastos de viaxe		

(autopista)		
Estacionamento		
Total gastos		16,34

2. Juan José Santomil Vieites, por asistencia ao curso “Formación e desfibrilación semiautomática externa (DESA)” na AGASP, o día 17/12/2020.

KM	IMPORTE	TOTAL
43*2	0,19	16,34
OUTROS		
Recibos gastos de viaxe (autopista)		
Estacionamento		
Total gastos		16,34

- As comisión de servizo con motivo da asistencia de Juan José Santomil Vieites a dito curso declaradas, teñen unha duración inferior a un día natural, polo que será de aplicación o disposto no artigo 12.1.

Dado que se trata de comisións que se inician antes das catorce horas e finalizan despois das dezaseis horas, a este traballador correspóndelle o 50% dos gastos de manutención.

Nº DIAS	DIETA COMPLETA	IMPORTE (50% DIETA)	TOTAL
17/12/2020	28,21	14,11	14,11

Segundo.- Imputar estas obrigas con cargo aos créditos correntes das aplicacións orzamentarias do orzamento vixente.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

11º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 26/2021.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, que transcrita di:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 26/2021. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Visto o expediente de MC Nº 26/2021, tramitado na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, motivado pola proposta de alcaldía de data 01.10.2021 obrante no expediente 2021/X999/000031, para facer fronte ao gasto derivado do reequilibrio económico da xestión do servizo de piscina cuberta climatizada de Brión ao abeiro do artigo 34.4 do RDL 8/2020, de 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19 na redacción dada polo Real Decreto Lei 17/2020, de 5 de maio, a través do aboamento de 32.416,93 €, tendo en conta que o crédito consignado no vixente Presuposto da Corporación é insuficiente e non ampliable.

Tendo en conta que o orzamento vixente permite realizar transferencias dentro da mesma área de gasto pero estas resultan insuficientes, polo que é necesario transferir crédito de partidas non comprometidas de áreas de gasto distintas, ascendendo o importe a 32.416,93 €.

Tendo en conta que os gastos non poden demorarse ata o exercicio seguinte.

Considerando que de conformidade co artigo 180 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facenda Locais, e o disposto nos artigos 40 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril.

Considerando o establecido na Base 14 de execución do orzamento para 2021, e previo informe da intervención, e polo que propónse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 26/2021 na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
342	479.00	Instalacións deportivas. A empresas privadas	32.416,93
TOTAL GASTOS			32.416,93

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
912	233.00	Órganos de goberno. Outras indemnizacións	7.416,93
920	208.00	Administración Xeral. Arrendamentos de outro inmovilizado material	3.000,00
931	216.00	Administración Xeral. Reparacións, mantemento e conservación. Equipos para procesos de información	6.000,00
931	227.08	Política económica e fiscal. Servizos de recadación a favor da entidade	16.000,00
TOTAL GASTOS			32.416,93

Segundo.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

12º) MOCIÓNS.

Aprobase por unanimidade dos once membros presentes a urxencia da seguinte moción:

12.1. APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 27/2021.

Dada conta da proposta da alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas (Permanente de Facenda) en sesión do 19.10.2021, previa aprobación da urxencia, que transcrita di:

ASUNTO: MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 27/2021. TRANSFERENCIA DE CRÉDITO ENTRE DISTINTAS ÁREAS DE GASTO.

Visto o expediente de MC Nº 27/2021, tramitado na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto para facer fronte á execución das obras de “Mellora de camiños municipais: Mourentáns - Pousada” segundo proxecto técnico redactado pola arquitecta municipal tendo en conta que o crédito consignado no vixente Presuposto da Corporación é insuficiente e non ampliable.

Tendo en conta que o orzamento vixente permite realizar transferencias dentro da mesma área de gasto pero estas resultan insuficientes, polo que é necesario transferir crédito de partidas non comprometidas de áreas de gasto distintas, ascendendo o importe a 48.194,70 €.

Tendo en conta que os gastos non poden demorarse ata o exercicio seguinte.

Considerando que de conformidade co artigo 180 do Real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e o disposto nos artigos 40 e seguintes do RD 500/90, de 20 de abril.

Considerando o establecido na Base 14 de execución do orzamento para 2021, e previo informe da intervención, e polo que proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito nº 27/2021 na modalidade de transferencia de crédito entre distintas áreas de gasto, de acordo co seguinte:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
454	619.02	Camiños veciñais. Outros inv. rep. infra., bns uso xeral. Mellora de camiños municipais Mourentáns-Pousada	48.194,70
TOTAL GASTOS			48.194,70

Baixas en aplicacións de gastos

Aplicación Orzamentaria		Descrición	Euros
135	130.00	Protección civil. Retribucións básicas laboral fixo	14.498,73
135	160.00	Protección civil. Seguridade social	2.695,97
151	120.00	Urbanismo. Retribucións básicas soldos grupo A1	8.000,00
151	121.00	Urbanismo. Complemento de destino	7.000,00
151	121.01	Urbanismo. Complemento específico	7.000,00
151	130.00	Urbanismo. Retribucións básicas laboral fixo	9.000,00
TOTAL GASTOS			48.194,70

Segundo.- Aprobar a modificación do Anexo de Investimentos do Orzamento 2021, incorporando as alteracións que resultan desta modificación de créditos.

Terceiro.- Expoñer o expediente de modificación de crédito ao público por un período de 15 días hábiles, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co artigo 169 do Texto refundido da Lei de Facendas Locais, para que os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións.

No caso de que non se presentasen alegacións, a modificación entenderase definitivamente aprobada, publicándose, resumida por capítulos, no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello.

Debate: Non se produciu.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (7), PP (2) e BNG (2).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

13º) ROGOS E PREGUNTAS.

13.1. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do BNG:

1. SOBRE AS GRAVACIÓNS DOS PLENOS.

Entendemos que seguindo as normas de transparencia e tal e como fan a maioría dos concellos, pensamos que o concello ten que poñer todos os medios para poder gravar (polo menos o son) dos plenos, máis tratándose de actos públicos e aos cales non pode asistir case ninguén polos horarios dos mesmos. Desta forma, ao mesmo tempo evitaríanse mal interpretacións ou manipulacións dos contidos dos mesmos.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que non hai ningunha norma que obrigue a gravar, aínda que somos coñecedores de que se fai nalgúns sitios, se ben iso suporía gastos, o valoraremos e se se levara a cabo se lles comunicaría.

2. SITUACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR NO CEIP PEDROUZOS.

Como cada ano, e tal e como comentamos no anterior pleno, seguen os problemas co comedor do CEIP Pedrouzos, problemas que se veñen repetindo ano tras ano e aos que ningunha das administracións implicadas dan unha solución definitiva.

Sabemos polas queixas que nos fixeron chegar pais e nais que moitos rapaces quedaron fora do servizo de comedor por motivos diversos e moitas veces dificilmente explicables. Entendemos que a conciliación ten que ser un dereito de todas as familias que o precisen moito máis aló da distancia a cal residen ou de se teñen familia achegada ou non e consideramos que as familias teñen que recibir unha solución definitiva que vaia máis aló de ter que loitar ano tras ano por unha praza de comedor. Temos modelos en concellos próximos onde se buscou unha solución definitiva, moitas veces por parte do propio concello. Dado que non temos os datos definitivos, rogamos que o concello faga as xestións necesarias para coñecer cantas son as familias afectadas por esta situación e por suposto se dean os pasos urxentes e imprescindibles para solucionar dunha forma definitiva a problemática do comedor escolar mesmo coa contratación de persoal de apoio, persoal que por outra parte foi concedido e non se está a utilizar descoñecemos por qué motivo.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que como xa os dixen moitas veces falo co director do colexio todas as semanas, e non me trasladou ningunha queixa nin desde o inicio do curso, nin de agora; que iso non é competencia municipal aínda que nós fixemos xestións, e ninguén trasladou aquí ningunha queixa; todos temos dereito a conciliar pero as normas para o acceso ao comedor as pon a Xunta de Galicia e a baremación a fan o profesorado e os pais e nais que

están no consello escolar; polo que sei 15 persoas quedaron sen comedor, aínda que isto non é definitivo, porque hai baixas e entón se cubren esas baixas; que hai 27 persoas de persoal anotado como colaborador e das familias dos alumnos, e o fan porque poden e porque queren, aí o concello non ten ningún tipo de competencia.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que a nós si se nos queixaron pais e nais; que houbo sobre 15/17 rapaces que quedaron sen comedor e pasamos de dúas quendas a unha quenda, e a nós o que nos preocupa son os pais e nais que non poden conciliar; sabemos que o comedor escolar non é unha competencia municipal, como o saben en Ames, onde gobernamos, pero en Ames o fan porque hai vontade e orzamento; cremos que a conciliación é prioritaria, nós non dicimos que a Xunta non teña responsabilidade, a ten toda, pero o Concello como administración máis próxima debería resolver o problema, que a Xunta e o Concello o deberán resolver, e que o que se pretende é reducir o número de prazas do comedor.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que o ano pasando tivemos aquí a todos os pais e nais reclamando, pero este ano non.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que hai pais e nais que a súa problemática laboral está vencellada ao comedor, en setembro non traballan pero ao mellor en decembro si, e se os señores da Xunta non dan a solución, debe facelo o Concello.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez pregunta, onde os meten?, se non hai sitio.

O Sr. Alcalde sinala que o modelo de Ames hoxe en día non está permitido por lei facelo así; un Concello como o noso dime ti como podemos facelo presupostariamente, amplíamos nós o comedor?; contratamos monitores como o ano da pandemia?; pedirlle responsabilidades ao Concello por isto non se pode dicir; é competencia da Xunta, que é quen ten que facelo.

O Sr. Concelleiro Penas Corral sinala que o responsable de falar coa Xunta sodes vós, nós non gobernamos, eu non vou darte a solución, o tes que facer ti que governas.

O Sr. Alcalde sinala que a responsabilidade non é nosa baixo ningún concepto, se non temos competencia como imos ser os responsables, un Concello como o noso non pode asumir máis gasto en competencias que non lle corresponden.

3. CONTADORES DE RECICLAXE.

Existen moitas aldeas do noso concello nas cales non existen suficientes, ou mesmo ningún, contador para proceder ao reciclaxe de residuos. Ten o concello algunha información sobre este tema, cantas aldeas ou parroquias están nesta situación e cal é a previsión para solucionar estas carencias.

A Sr^a. Concelleira Cebral Gómez sinala que agradeceríamos que nos pasedes esas queixas, porque no Concello non temos ningunha petición e na Mancomunidade tampouco teñen solicitudes; cando se fan peticións, as analizamos e llas pasamos á Mancomunidade e podemos dicir que na maioría dos casos o poñen.

O Sr. Alcalde sinala que desde que estamos aquí todo o solicitado está posto, agradezo que se hai inxedanzas as comuniquedes.

4. SITUACIÓN ASFALTADO MONTEBALADO.

Dende o mes de agosto que se iniciou o proceso de asfaltar a urbanización de Montebalado, xa pasaron 3 meses e a día de hoxe segue sen estar rematado o proceso, sobre todo a sinalización de pasos de peóns, sendo importantísima a mesma dado o número de rapaces e rapazas que utilizan esas vías habitualmente, por outra parte os lombos, totalmente excesivos non foron rebaixados ata hai uns días, e a sinalización horizontal segue sen estar rematada. Cando está previsto rematar unha obra tan sinxela?

O Sr. Alcalde sinala que son consciente da situación polas incomodidades; non é sinxelo como dis ti, que o contratista ten un prazo para executala e é unha obra de un millón de euros; os

pasos non estaban no proxecto, se falou cos presidentes das comunidades e na semana pasada se fixeron, e agora se pintarán cando a empresa poida, ten que secar e despois pintar para que quede ben, acaban de pedir unha prórroga dun mes, e este tema o soluciona a empresa no tempo que estime oportuno porque dentro do proxecto hai once actuacións.

5. PUNTO LIMPO.

Un punto que regularmente ven a este pleno, como outros tantos, dado que non hai unha situación definitiva. Sabemos que houbo xuntanzas co concello de Ames, algunhas mesmo saíron na prensa, onde se chegou a certo compromiso de mancomunar diversos servizos entre os que estaba o servizo de punto limpo. Cal é a situación a día de hoxe? Que previsión hai sobre este tema?

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que os alcaldes tiveron xuntanzas para ver a posibilidade de solicitar unha subvención para un punto limpo conxunto, que é moi custoso, e se trata de buscar axuda da Xunta, esperamos unha resposta; e que o Alcalde de Ames está a estudar a posibilidade de encadrar legalmente como poden os veciños de Brión levar as cousas ao Milladoiro, porque eles teñen un contrato cunha empresa.

Respecto da localización sinala o Sr. Alcalde que non o temos avanzado; que en Teo o punto limpo xerou moitos problemas e acaban de pechalo; no noso Concello, agás o escombros de obras, chaman e se lle recolle, polo que penso que en Brión non existe esa necesidade, non vai mellorar o servizo porque o recolleemos na casa e se hai punto limpo o terán que levar eles, pero se existe inxerencia nos veciños se avaliaría a súa viabilidade.

6. INSTALACIÓN SERVIZO CARGA ELÉCTRICA.

Tal e como se está a facer noutros concellos próximos a nós, solicitamos por parte do goberno municipal o estudo e valoración da instalación dun punto de recarga para vehículos eléctricos no noso concello e no sitio que se considere máis apropiado. Consideramos que temos que adecuarnos ás novas realidades sociais e medioambientais, neste caso, e proporcionar un servizo que cada día será máis solicitado por parte da cidadanía.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que de momento non temos previsto solicitalo, porque entre outras cousas, non temos ningún vehículo destas características, e tampouco parece lóxico subvencionar a uns veciños si e a outros non.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que nós non dicimos que sexa gratuito.

O Sr. Alcalde sinala que as gasolinerías fixeron investimentos importantes e agora non vai poñelas o Concello, no seu día pode ser avaliado, pero non é unha prioridade agora mesmo, aínda que o Concello está a tramitar a adquisición dun vehículo híbrido para a policía local.

7. SITUACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO.

Xa temos falado neste pleno dos problemas de funcionamento do alumeado público en distintos puntos do noso concello e hai un ano que o goberno municipal dixo que estaba a punto de poñerlle solución ao tema. O tempo pasa e moitas das farolas seguen sen funcionar desde hai meses ou anos.

En dous anos non se colocaron as farolas que faltan fronte ao IES de Brión e o alumnado continua a sufrir situacións de perigo por iluminación deficiente en varios puntos (ponte do Pego, cruzamento baixo a autovía, etc.)

Vai solucionar estes problemas o goberno municipal algún día?

O Sr. Alcalde sinala que sabemos que hai moitos puntos deficientes, debaixo da autovía está mal, seguimos contactando coa Xunta para ese punto pero de momento non contestan, e fronte ao instituto a ver se as podemos colocar pronto.

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que na consellería non lles consta que se solicitara nada para debaixo da autovía.

O Sr. Alcalde sinala que a técnico onte chamou e que estamos traballando nun proxecto para cambiar a iluminación pero que isto é a administración e leva o seu tempo, e o tema do instituto vaixe incluír nun proxecto; que debaixo da ponte da autovía puxemos unha luz e mandaron quitala, e os sinais luminosos no solo botaron unha semana.

8. TANATORIO.

Que información nos pode aportar o concello sobre a información que corre entre moitos veciños e veciñas da posible instalación dun tanatorio no noso concello e en diversas zonas. Que hai de certo en todo iso? Existe realmente a previsión dunha instalación para un negocio no cal temos dous en pouco mais de dous quilómetros? Existe unha demanda real por parte dos veciños? Como non coñecemos máis que o que aquí expoñemos solicitamos por parte do concello toda a información dispoñible, e mais sobre un tema tan importante.

A Sr^a. Concelleira Cebal Gómez sinala que a día de hoxe non hai ningún proxecto presentado e ademais o PXOM non o permite, aprobouse unha modificación inicial no Pleno para un auditorio e tanatorio que contou co voso voto a favor, pero non temos ningún proxecto oficial, nin ningún tipo de rumor.

O Sr. Alcalde sinala que eu como alcalde recibo peticións para facer un tanatorio no Concello, pero de momento non hai ningunha petición formal.

13.2. Rogos e preguntas formulados por escrito polo grupo municipal do PP:

1. Solicitamos ao Concello que na medida do posible se teñan en consideración as seguintes cuestións e se comunique a este grupo municipal as solucións adoptadas sobre as mesmas:

1. Na fotografía anexa marcase un camiño da aldea de Guldrís, na que varios veciños da zona solicitan que se ilumine a citada estrada, xa que é unha zona pola que camiñan frecuentemente e como xa se indicou neste pleno do Concello se estaba a realizar un proxecto de luminarias para todo o Concello. Solicítase que se inclúa esta zona neste proxecto.

O Sr. Alcalde sinala que ese proxecto aínda está xestándose, agradecemos a súa proposta para a súa inclusión.

2. Solicítase que, de ser posible, se coloque un cartel informativo na aldea de Ons no que se faga referencia á ruta da Ferverza do Pozo Negro, xa que é unha ruta moi transitada e facilitaríala aos usuarios da citada ruta a información sobre a mesma.

O Sr. Alcalde sinala que estamos solicitando orzamentos para sinalazala e para mellorar esa ruta.

3. Tras recibir queixas de usuarios do paseo solicitamos que se tomen medidas para a realización do mantemento do mesmo, xa que como se pode ver nas fotografías anexas existen bancos de madeira en mal estado, as barandillas e as táboas da ponte de madeira que están podres e faltan moitas delas, coa consecuente perigosidade para a xente que usa a zona. Así como a falta de limpeza das papeleiras e da zona en xeral.

O Sr. Alcalde sinala que somos conscientes dos problemas que hai, temos queixas, témolo metido nun proxecto para que a ruta estea transitable polo menos; tomamos nota, pero que estas cousas hai que facelas con materiais sostibles porque coa madeira non funciona, hai que instalar materiais sostibles, estamos traballando niso.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González